



## Concello de Meaño

### RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA

#### LISTA DEFINITIVA DE ASPIRANTES ADMITIDOS E EXCLUÍDOS NO PROCESO SELECTIVO CONVOCADO PARA A FORMACIÓN DUNHA BOLSA DE EMPREGO PARA REALIZAR CON CARÁCTER TEMPORAL AS FUNCIÓNS DE MESTRE/A DA ESCOLA MUNICIPAL DE MÚSICA DE MEAÑO COMO PERSOAL LABORAL TEMPORAL DO CONCELLO DE MEAÑO, PARA A ESPECIALIDADE DE PIANO/CORO

**EXPEDIENTE: 800/2025**

De conformidade co disposto nas bases reguladoras do proceso selectivo para a formación dunha bolsa de emprego para a os supostos en que sexa precisa a contratación de persoal para realizar con carácter temporal as funcións de Mestre/a escola municipal de música na especialidade indicada, como persoal laboral temporal do concello de Meaño, que foron aprobadas por Resolución de Alcaldía de data 22 de outubro de 2025 ( nº2025-0743) e publicado o anuncio da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra nº 204 do 24 de outubro de 2025; unha vez rematado o prazo de presentación de instancias para tomar parte neste proceso selectivo e examinadas as solicitudes presentadas no prazo de dez días hábiles para a presentación de solicitudes de participación, comprendido entre o día seguinte ao da publicación do anuncio da convocatoria no BOP e o 7 de novembro , ambos inclusive.

Rematado o prazo de tres días hábiles, contados a partir do seguinte ao da publicación da resolución de admitidos e excluídos provisionalmente ao proceso selectivo, para poder emendar os defectos que motivasen a exclusión/omisión provisional e/ou formular reclamacións, esta Alcaldía, en uso das facultades que lle confire o artigo 41.14 do R.D. 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais e o artigo 61 da Lei 5/97, do 22 de xuño, de Administración Local de Galicia, RESOLVE:

#### **1º/ Lista definitiva de aspirantes admitidos e excluídos.**

Aprobar a lista definitiva de aspirantes admitidos e excluídos, ao proceso de selección convocado para a formación dunha bolsa de emprego para os supostos en que sexa precisa a contratación de persoal para realizar con carácter temporal as funcións de Mestre/a escola municipal de música na especialidade indicada, como persoal laboral temporal do concello de Meaño, con expresión das causas de exclusión:





## Concello de Meaño

---

### **-LISTA DEFINITIVA DE ADMITIDOS E EXCLUÍDOS, ESPECIALIDADE DE PIANO/CORO:**

Aspirantes definitivamente admitidos:

- PÉREZ SÁNCHEZ, LUCIA (\*)
- ALÉN GUIMERÁNS , NICOLÁS
- SINEIRO CHAVES, ERIKA
- RODRIGUEZ ARAGUNDE, ALBA
- VALLEJO BESADA, RAQUEL
- VIDAL CRESPO, ÁLVARO (\*)
- PINILLA VILLAMOR ALONSO

Aspirantes definitivamente excluídos:

Ningún

(\*) Os aspirantes que, unha vez superados todos os exercicios, e que figuran sinalados con \* deberán realizar a proba de coñecemento de lingua galega.

### **2º Nomear como membros do tribunal cualificador a:**

**Presidente/a:** Juan Portela Varela, Mestre da Escola Municipal de Música de Meaño

Suplente: Francisco Fernández Pérez, Mestre da Escola Municipal de Música de Meaño

### **Vocais:**

Titulares.

- Andrea Méndez Castro, Mestre da Escola Municipal de Música de Sanxenxo
- Miguel Ángel Chaves Garrido, Mestre Educación Musical Primaria
- Vanesa Dopazo Méndez, Mestre da Escola Municipal de Música de Meaño

Suplentes:

- Pablo Emilio Santaclara Rios, Mestre da Escola Municipal de Música de Meaño
- Pablo Vigo Cascallar, Mestre da Escola Municipal de Música de Meaño
- Maria del Mar Pereira García, Técnico de xestión do Concello de Meaño





## Concello de Meaño

---

### **Secretario/a:**

Titular: Cristina M<sup>a</sup> García González, Informadora Xuvenil do Concello de Meaño

Suplente: Isabel Amil Núñez, Técnico de Persoal do Concello de Meaño

**3º/ Convocar ao tribunal e aspirantes** definitivamente admitidos para a realización do **primeiro exercicio, proba instrumental** (obligatorio e eliminatorio) da fase de oposición do proceso selectivo nas instalacións sitas na **Escola da Música do Concello de Meaño, (Rúa Campo da Feira nº 7 Meaño):**

- **Para o vindeiro mércores día 19 de novembro de 2025 ás 09:15 horas.**

Rematada a proba instrumental, no caso de que tódolos/as aspirantes teñan superado a mesma, procederáse a realización no mesmo día do **Segundo exercicio, proba didáctica** (obligatorio e eliminatorio): O vindeiro mércores día **19 de novembro de 2025 a partir das 11:00 horas**.

Unha vez rematada a proba didáctica e no caso de que tódolos/as aspirantes teñan superado a mesma, procederáse a realización do **Terceiro exercicio, proba de coñecemento do idioma galego** (obligatorio e non eliminatorio): O vindeiro mércores día **19 de novembro de 2025 a partir das 13:00 horas**.

### **4º/ Publicacións.**

Ordenar a publicación da presente resolución no Taboleiro de Anuncios e na páxina web do Concello de Meaño.

Mándao e asíno o Sr. alcalde, en Meaño, na data indicada á marxe, do que como secretaria-interventora accidental da corporación dou fe para os exclusivos efectos do disposto no artigo 3.2 letra e) do Real Decreto 128/2018, do 16 de marzo.

Documento asinado e datado dixitalmente ao marxe

